

Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### POIO

##### Subvencións e axudas

#### *BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES A ASOCIACIONES DE MULLERES PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA PARA O ANO 2023*

Por acordo nº 21075 adoptado na sesión ordinaria realizada pola Xunta de Goberno Local do Concello de Poio o 21 de febreiro de 2023 prestouse aprobación:

Primeiro: Prestar aprobación ás “Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás asociacións de mulleres de Poio para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para 2023” e aos seus Anexos asinadas pola Concelleira Delegada de Igualdade o 14 de febreiro de 2023, xustificando a tramitación por concorrencia non competitiva no obxecto das mesmas “dirixidas ás Asociacións de Mulleres do Concello de Poio que desenvolvan proxectos, programas e actividades para promover a igualdade entre homes e mulleres e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2023, coa finalidade de fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres de Poio” e autorizándose o gasto de 10.000,00€ de conformidade coa retención de crédito efectuada pola Intervención Municipal. Segundo: En cumprimento da Lei Xeral de Subvencións, remitira á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola Base de Datos e dar publicidade ás Bases aprobadas mediante inserción de anuncio no BOP, no taboleiro de anuncios e no Portal de Transparencia do Concello.

Reprodúcese a continuación o texto das bases aprobadas:

#### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DIRIXIDAS ÁS ASOCIACIONES DE MULLERES DE POIO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2023**

O Estatuto de Autonomía determina, no seu artigo 4, que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e galegas na vida política, económica, cultural e social.

O artigo 14 da Constitución española regula a igualdade de todas as persoas ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.



No desenvolvemento desta competencias aprobáronse dous leis galegas en materia de igualdade, a Lei 7/2004, de 16 de xulio, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei 2/2007, de 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres en Galicia, hoxe refundidas no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No seu artigo 1 recóllense os principios de actuación da comunidade autónoma en materia de igualdade, entre os que se inclúen a procura e a eliminación absoluta das discriminacións por razóns de sexo, sexan directas ou indirectas; a modificación dos patróns socioculturais de conduta de mulleres e homes, con miras a acadar a eliminación dos prexuízos e das prácticas consuetudinarias baseadas na idea de inferioridade ou superioridade de calquera dos sexos ou en funcións estereotipadas de mulleres e de homes e a integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na elaboración, execución e seguimento de todas as accións desenvolvidas polo sector público autonómico no exercicio das súas competencias.

A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible impulsa o compromiso da comunidade internacional para o logro da igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas a través dun obxectivo específico (OBXECTIVO 5) e de forma transversal nos outros obxectivos. Na meta 5.5: Participación Plena da muller e igualdade de oportunidades, trata de asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública. Na meta 5.C: Políticas e leis para a igualdade e o empoderamento, proponse aprobar e fortalecer políticas axeitadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas a todos os niveis.

A administración Local é “a máis próxima á cidadanía e por ende ás vítimas”. Así está recollido no Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Asemade, queda asignada á Administración Local a competencia de “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero”, que se incorpora como apartado “o” aos puntos do artigo 25 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Regulamento do Consello Municipal da Muller de Poio, foi aprobado e publicado no BOP do 4 de maio do 2012, establece no seu artigo 1: Obxectivos do Consello Municipal da Muller o de “Apoiar e fomentar o asociacionismo das mulleres para acadar maior participación política e social e solidariedade”.

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son unhas das principais liñas estratéxicas de actuación que leva a cabo a Concellería de Igualdade do Concello de Poio.

Na sesión do Pleno de 22 de febreiro de 2022 foi aprobado o IV Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Poio.

Na súa Área Estratéxica 3: “Sensibilización, educación para a igualdade, empoderamento e participación social das mulleres” no seu obxectivo estratéxico 2: “Favorecer o empoderamento



e impulsar a participación social das mulleres fomentando o exercicio dunha cidadanía activa” establécese como obxectivo operativo 2.1 “fomentar a realización das accións dirixidas a propiciar a visibilización, o empoderamento e a autonomía das mulleres”, incluíndo a medida 3.2.1.1.1: “fortalecemento do Consello Municipal da Muller e difusión do labor que realiza”. E no seu obxectivo operativo 2.2 “apoiar e promover a presenza e participación das mulleres no tecido asociativo de Poio” atópase a medida 3.2.2.1. “Continuación da divulgación e o apoio técnico e asesoría tanto para a creación de asociacións de mulleres, facilitando a súa constitución, como para que poidan desenvolver de xeito eficaz a xestión interna”.

O Concello convoca esta liña de subvencións públicas en réxime de concorrencia non competitiva en virtude do artigo 9.2 da Constitución española, no que se recolle que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas; de conformidade coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español; a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na que se recolle que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia machista; o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Neste marco de actuación, a Concellería de Igualdade considera necesario contribuír a impulsar e, ao mesmo tempo, a dinamizar a vida interna das asociacións de mulleres, na procura da potenciación dos valores e finalidades destas entidades, para o cal convoca axudas económicas dirixidas ás asociacións de mulleres coa finalidade de promover, fortalecer, consolidar e dinamizar o movemento asociativo de mulleres como elemento clave do cambio de valores e da transformación necesaria para avanzar na igualdade de xénero real e efectiva, con especial relevancia no ámbito rural para visibilizar e pór en valor o papel das mulleres na mellora da calidade de vida, do asentamento da poboación e da dinamización do territorio en termos de igualdade e sustentabilidade e para contribuír á eliminación e prevención da violencia de xénero e prestar apoio e acompañamento ás vítimas. Nesta actuación establécese dúas liñas de axuda, unha dirixida ao financiamento dos gastos correntes de mantemento e funcionamento das asociacións e outra para o apoio ao desenvolvemento de actuacións ou actividades de sensibilización e concienciación social, información ou formación en materia de igualdade e aquelas dirixidas a potenciar e facilitar a mellora da calidade de vida e a participación das mulleres en todos os ámbitos, xunto coa realización de campañas de sensibilización e de prevención e acompañamento das vítimas da violencia de xénero, con especial incidencia nas mulleres rurais, mulleres maiores e/ou mulleres en situación de vulnerabilidade.



*BASES**PRIMEIRA: OBXECTO*

1. Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de concesión, execución e xustificación das subvencións dirixidas ás Asociacións de Mulleres do Concello de Poio que desenvolvan proxectos, programas e actividades para promover a igualdade entre homes e mulleres e para a loita contra a violencia machista durante o ano 2023, coa finalidade de fortalecer e consolidar o movemento asociativo e potenciar a participación social e a calidade de vida das mulleres de Poio.

2.- As subvencións reguladas na presente resolución tramitaranse polo procedemento en réxime de concorrencia non competitiva, conforme as previsións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. O procedemento en réxime de concorrencia non competitiva baséase na finalidade destas subvencións, que teñen como obxecto o impulso do movemento asociativo de mulleres de Poio, potenciando a creación de redes a fin de facilitar a súa participación na vida pública municipal, o desenvolvemento de iniciativas de promoción da igualdade de xénero e de prevención da violencia contra as mulleres.

3- As actividades obxecto de subvención deberán realizarse entre o día 1 de decembro de 2022 e o 30 de novembro de 2023.

4.- A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

*2- SEGUNDA: ENTIDADES BENEFICIARIAS*

1- Terán a consideración de entidades beneficiarias das subvencións reguladas nas presentes bases todas as asociacións de mulleres validamente constituídas e aquelas outras asociacións que acrediten legalmente ter unha área de intervención e orzamento en materia de muller e/ou igualdade, e cumpran os seguintes requisitos:

- a) Carecer de fins de lucro.
- b) Estar debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Poio, mantendo os seus datos actualizados.
- c) Formar parte do Consello Municipal da Muller.
- d) Participar nas campañas do 8 de marzo e do 25 de novembro e naquelas outras ás que sexan convocadas polo Consello Municipal da Muller.
- e) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda ante o Concello de Poio para o mesmo obxecto para o que se solicita a subvención.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

f) Non ser beneficiarias doutra subvención para a mesma finalidade e/ou obxecto con cargo ao orzamento do Concello de Poio.

g) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, co Concello de Poio e coa Seguridade Social.

2- En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria aquelas entidades nas que se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### *3.- FINANCIAMENTO, CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS E COMPATIBILIDADE*

1- O crédito global que se dispón para o outorgamento destas subvencións será de 10.000 euros con cargo á partida orzamentaria 231.48900 contemplada no Orzamento Xeral para o ano 2023. Para a dotación do crédito tivéronse en conta as potenciais entidades que poidan cumprir os requisitos esixidos na base segunda, de conformidade cos datos obrantes no Concello.

2.- Aos proxectos subvencionados concederáselle unha axuda económica de 1000,00 €.

3- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria. Se así fora, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, calquera alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar á modificación do acordo de concesión.

4- Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Nos obstante, serán incompatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que, para o mesmo proxecto ou finalidade leve financiamento con cargo ao orzamento deste Concello.

### *4.- FORMA, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES*

1- De acordo co disposto no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio (<https://concellopoio.sedelectronica.gal>).

No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude de maneira presencial, requirirase a súa corrección mediante a súa presentación electrónica, considerando como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda. Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas, deberánse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:WABRFEFQMBUEXX9Y



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

2- Se as solicitudes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que emende as deficiencias no prazo de dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido da na súa petición despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3- As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Poio, enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4- Prazo para a presentación das solicitudes: un mes desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

5- A mera presentación da solicitude suporá que a entidade solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

## 5.- DOCUMENTACIÓN

1- As entidades interesadas deberán achegar a seguinte documentación:

- Certificación dos cargos representativos da entidade solicitante (Anexo I)
- Descrición do proxecto, asinada pola persoa representante, que permita a identificación das actuacións que se van a realizar en base aos obxectivos desta convocatoria (Anexo II).

2- As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. O Concello de Poio poderá requirir que se amose o documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

3- O Concello de Poio comprovará de oficio os puntos a), b), c), d), e) da base segunda e a non existencia de débedas coa facenda municipal.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

## 7.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DAS SUBVENCIONES

1- O procedemento de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, por esgotamento de crédito, sen necesidade de prelación das solicitudes entre si, de conformidade co disposto nos artigos 19.2 e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O criterio de repartición farase por orde de entrada das solicitudes no Rexistro electrónico do Concello de Poio sempre que reúnan os requisitos establecidos nestas bases para ser beneficiarias.

2- A instrución do procedemento corresponderalle á alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas entidades interesadas.

As solicitudes serán examinadas por persoal técnico do CIM que emitirá un informe motivado da concesión de subvencións de acordo co disposto nas presentes bases. Á vista do expediente e do informe emitido polo Departamento de Igualdade, o órgano instrutor formulará proposta de resolución definitiva comprensiva dos seguintes extremos:

- Relación de solicitantes aos que se lle concede subvención.
- Contías concedidas.
- Mención expresa de que as restantes solicitudes se entenderán desestimadas.
- Recursos que se poderán interpoñer e prazo de presentación.

3- A resolución da concesión, que será aprobada pola Xunta de Goberno Local, publicarase na web e no taboleiro de anuncios do Concello, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarias e contías percibidas, substituíndo este trámite á notificación individual.

A práctica da notificación ou publicación axustarase ás disposicións contidas nos artigos 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

5- Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme ao disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño, da xurisdición Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 123.2



da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 39/2015, podendo entón as persoas interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, conforme ao establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

### 8.- ACEPTACIÓN E RENUNCIA

1- Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

2- A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello de Poio (<https://concellopoio.sedelectronica.gal>).

### 9.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

As entidades beneficiarias das subvencións terán que atermos ás seguintes obrigas:

a) Cumprir o obxectivo e realizar os proxectos subvencionados, de conformidade coa solicitude presentada, no ámbito territorial do municipio de Poio.

b) Participar nas campañas do 8 de marzo e do 25 de novembro e naquelas outras ás que sexan convocadas polo Consello Municipal da Muller.

c) Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades para a que se solicita a subvención.

d) Aboar as taxas, impostos, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para a que solicita a subvención.

e) Comunicar ao Concello de Poio calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización das actividades subvencionadas.

f) Notificar ao Concello de Poio as axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas, obtidos ou solicitados a outras administracións ou entidades públicas ou privadas, con posterioridade á presentación da solicitude da convocatoria correspondente.

g) Proporcionar en todo momento a información que lle sexa solicitada respecto da subvención concedida e someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.





Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

i) Informar e publicitar que as actividades están financiadas polo Concello de Poio. Deberá figurar a colaboración do Concello de Poio en todos os elementos de difusión relacionados coas actividades subvencionadas. Na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír as etiquetas #concellodePoio #CIMPoio ou etiquetar nas súas entradas aos perfís do Concello de Poio: @ConcellodePoio.

j) Non se subvencionarán solicitudes que non empreguen a lingua galega como lingua de uso vehicular dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes). Por tanto, todas as actividades e materiais subvencionados deberán realizarse en lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas. Desde o Concello de Poio farase seguimento específico para comprobar o cumprimento desta obriga.

k) Respetar rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

l) Toda a documentación, publicidade, imaxe ou materiais divulgativos das actividades deben empregar linguaxe inclusiva e non sexista, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade, e pluralidade de roles e identidades de xénero.

m) No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

n) Cumprir coa normativa de seguridade e hixiene vixente no momento, así como as recomendacións das autoridades competentes relativas ao COVID-19 no desenvolvemento das actividades.

o) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 de Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O incumprimento destas obrigas levará parella a perda da subvención.

## 10.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS E PAGAMENTO

1- Unha vez notificada a aprobación das subvencións concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán de prazo ata o 1 de decembro de 2022 para xustificala, presentando, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do Concello, a seguinte documentación:

a) Memoria xustificativa das actuacións realizadas.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, e que deberán axustarse ao disposto no artigo 6 do Real Decreto 1612/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. A data das facturas deberá corresponder ao período subvencionable.

c) Xunto con cada factura achegarase xustificante bancario do pagamento, extractos ou certificacións bancarias, debidamente identificados ou, no seu caso, facendo constar na factura o “recibín” indicando DNI, nome, apelidos e sinatura da persoa receptora do pagamento. A estes efectos e, de acordo co previsto na Lei 11/2021, do 9 de xullo, non se poderá pagar en efectivo as operacións cun importe igual ou superior aos 1.000 euros.

d) Acreditación da debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Poio para as actividades subvencionadas en todos os soportes publicitarios, físicos ou telemáticos empregados, facendo constar a colaboración da Concellaría de Igualdade do Concello de Poio.

e) Certificado da titularidade da conta bancaria da entidade.

f) Declaración de axudas (anexo III)

g) Solicitud de pago (anexo IV)

2- Todos os gastos subvencionables deberán estar pagados con anterioridade á finalización do prazo de xustificación. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

3- De non cumprirse algún dos requisitos anteriormente mencionados, darase un prazo improrrogable de 10 días hábiles a partir da data da recepción da notificación telemática, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado pola entidade solicitante, para achegar a documentación que se precise.

Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que a entidade beneficiaria da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia á percepción da subvención.

4- O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria. Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- En caso de que se xustifiquen gastos polo 100% do importe concedido aboarase a totalidade da subvención.
- En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100% do importe concedido aboarase a parte proporcional da subvención.

5- No caso de obter outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, de carácter público ou privado para a mesma finalidade, o orzamento a xustificar será a suma do importe de todos os recursos recibidos.

6- O Concello de Poio comprobará de oficio a non existencia de débedas coa facenda municipal.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

7- Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Facenda municipal. O pagamento tampouco se levará a cabo se a entidade beneficiaria tivese pendente de xustificar algunha subvención cun prazo de xustificación xa rematado.

### 11.- GASTOS SUBVENCIONABLES

1- Con carácter xeral, consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto e se inclúan entre os seguintes:

- Gastos de funcionamento e mantemento (alugueiro, telefonía, electricidade ou outros de natureza análoga)
- Gastos de difusión e publicidade en calquera soporte, no cal se fará constar o logotipo do Concello de Poio e etiquetar nas súas entradas en redes sociais aos perfís do Concello de Poio.
- Alugueiro de espazos e equipamentos técnicos (mesas, carpas, equipos de son...)
- Gastos de contratación de servizos técnicos e profesionais (actuacións, obradoiros, monitoraxe, exposicións...)
- Gastos de materiais para a realización de cursos e actividades.
- Xestión de películas (dereitos de exhibición e transporte de copias).
- Dereitos de autoría derivados do desenvolvemento da actividade.
- Premios consistentes en diñeiro ou galardóns oficiais, en cuxa convocatoria e publicidade constará a colaboración do Concello de Poio (fabricación de figuras, galardóns ou similares que se entreguen como premios).
- Gastos de viaxes, aloxamento e manutención das persoas participantes nas actividades propostas.
- Gastos correntes derivados da implantación de medidas hixiénicas e sanitarias para dar cumprimento ás recomendacións das autoridades competentes relativas ao COVID-19 no desenvolvemento da actividade.
- Calquera outro gasto corrente necesario para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

2- En ningún caso serán subvencionables:

- Os gastos de investimentos: obras e bens inventariables.
- As cantidades satisfeitas ao Concello de Poio polo uso das instalacións, reservas de vía pública e expedición de documentos administrativos relacionados co obxecto da actividade para cal se solicita a subvención.
- Os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.
- Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

- As bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado nocivo para a saúde. Tampouco as facturas relativas a alimentos e bebidas, excepto se os alimentos ou as bebidas se utilizan como materiais a empregar no desenvolvemento dalgunha actividade ou curso a levar a cabo pola asociación.
- Imprevistos (todas as partidas deben ser concretas e estar claramente identificadas).

3- Considerarase gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

## *12.- INCUMPRIMENTO, REINTEGRO E SANCIÓN*

1- O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes de conformidade co establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

2- Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3- Procederá o reintegro total o parcial das subvencións percibidas cando concorran calquera das circunstancias previstas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

4- No caso de que as entidades beneficiarias incumplan algunha das obrigas recollidas nas presentes bases e demais normativa aplicable, o Concello de Poio poderá iniciar, se é o caso, un procedemento sancionador, de conformidade co previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

## *13.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL*

1- En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2- As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre Protección de Datos na páxina web do Concello de Poio na seguinte ligazón [www.concellopoio.gal/index.php/politica-de-privacidade](http://www.concellopoio.gal/index.php/politica-de-privacidade)

## *14.- NORMATIVA DE APLICACIÓN*

1- A presente convocatoria rexeráse por estas bases, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; polas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Poio para o ano 2020; polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

### 15.- DISPOSICIÓN FINAL

1- O Concello de Poio quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que están obrigadas as entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

2- A presentación de solicitude de subvención leva implícita a autorización ao Concello de Poio para que publique na súa páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Poio a relación de entidades beneficiarias e o importe das subvencións concedidas, coas excepcións previstas nas Leis.

3- Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia. En virtude do exposto no artigo 20.8.a) da Lei Xeral de Subvencións, o Concello de Poio como administración concedente comunicará á Base de Datos Nacional de Subvencións o texto da convocatoria e a información requirida na Base de Datos. A BDNS dará traslado ao Diario Oficial correspondente do extracto da convocatoria para a súa publicación.



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

**DECLARACIÓN DOS CARGOS REPRESENTATIVOS DA ENTIDADE**

**ANEXO I**

D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_ en calidade  
de \_\_\_\_\_ da asociación \_\_\_\_\_  
con CIF \_\_\_\_\_ e enderezo \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

Que os cargos que conforman a Xunta Directiva da asociación á data da sinatura da presente declaración son:

| Cargo | Nome e apelidos | DNI |
|-------|-----------------|-----|
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |
|       |                 |     |

E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data sinalados.

Poio, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

Asdo.: o/a representante

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: WABRXEFQMBUEXX9Y



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

**ANEXO II**

**MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN**

**DATOS DA ASOCIACIÓN SOLICITANTE**

|             |      |
|-------------|------|
| ASOCIACIÓN: | CIF: |
|-------------|------|

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

|      |                  |                 |     |
|------|------------------|-----------------|-----|
| NOME | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|------|------------------|-----------------|-----|

**EN CALIDADE DE: (CARGO OU POSTO QUE DESEMPEÑA)**

|  |
|--|
|  |
|--|

**1. DENOMINACIÓN DA MEDIDA OU PROGRAMA**

|  |
|--|
|  |
|--|

**2. DESCRICIÓN:**

**2.1. CONTIDO (contido mínimo, denominación da actuación, duración, data de comezo e finalización, horario, participantes desagregado por sexo)**

|  |
|--|
|  |
|--|

**2.2. ORZAMENTO**

|  |
|--|
|  |
|--|

3. Compromiso da debida divulgación do financiamento do Concello de Poio na actividade subvencionada: SI / NON

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

lugar e data

|      |       |       |         |
|------|-------|-------|---------|
| Poio | (día) | (mes) | De 2023 |
|------|-------|-------|---------|



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50

**ANEXO III**

D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI núm. \_\_\_\_\_  
en calidade de \_\_\_\_\_ da asociación \_\_\_\_\_  
con CIF \_\_\_\_\_ e enderezo \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

1. Que a esta asociación SI / NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.

| <b>Axudas concedidas por outros organismos públicos ou por entidades privadas</b> |                |
|---|----------------|
| <b>Organismo Público/Entidade privada</b>   | <b>Importe</b> |
|   |                |
|   |                |

2. Que esta asociación SI / NON solicitou outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.

| <b>Axudas solicitadas a outros organismos públicos ou a entidades privadas pendentes de resolución</b> |                |
|--|----------------|
| <b>Organismo Público/Entidade privada</b>  | <b>Importe</b> |
|  |                |
|  |                |

3. Que o importe das axudas económicas concedidas das diversas institucións para a actividade subvencionada non superaron o importe total dos gastos realizados.

4. A actividade para a que se concede a subvención efectuouse cumprindo o obxectivo unido á/ao mesma/o.

5. Esta asociación non está incurso en causas de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da Resolución aprobatoria das Bases das axudas.

6. Esta asociación está ao corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Poio.

7. Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello de Poio na actividade subvencionada.

E para que así conste, aos efectos de solicitude e xustificación da subvención concedida polo Concello de Poio no presente exercicio 2022, asino a presente declaración no lugar e data sinalados.

Poio, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: o/a representante

**MODELO DE CARTAZ INFORMATIVO**



Luns, 13 de marzo de 2023

Núm. 50



**Programa de subvencións dirixidas ás  
Asociacións de Mulleres de Poio para o  
fomento da igualdade de oportunidades e a  
loita contra a violencia de xénero para o ano  
2023**

Operación financiada polo Concello de Poio,  
Concellaría de Igualdade

